



PLAN ANUAL TIC
CURSO 2023/2024

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
OBXECTIVOS	4
PLANS DE ACTUACIÓN:	5
<ul style="list-style-type: none"> • ACTUACIÓN CON RESPECTO Ó CENTRO 	5
<ul style="list-style-type: none"> • ACTUACIÓN CON RESPECTO Ó PROFESORADO 	8
<ul style="list-style-type: none"> • ACTUACIÓN CON RESPECTO Ó ALUMANDO 	11
<ul style="list-style-type: none"> • ACTUACIÓN CON RESPECTO ÁS FAMILIAS 	15
INVESTIMENTOS A REALIZAR	16
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	16

INTRODUCCIÓN

Enmarcada nas accións que se dispoñen na Lei orgánica de educación, e coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación se incorporen como un recurso máis aos procesos de ensino-aprendizaxe, cada centro educativo deberá elaborar e incluír no proxecto educativo de centro, un plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para o mellor aproveitamento das posibilidades que as TIC ofertan.

A aplicación das TIC ao traballo da aula convértese nunha peza clave na educación e formación das novas xeracións. A súa importancia social e o lugar preferente que ocupan xa na vida dos nenos e das nenas, fai que deban estar presentes nos centros educativos, de modo que aqueles adquiren os coñecementos e habilidades necesarias para abordar con garantía de éxito a súa utilización nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.

Trátase de que o alumnado, acade unha competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van dende o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Para que isto se poida poñer en práctica con garantía de éxito e de coherencia, resulta necesaria a creación dun plan de introdución das tecnoloxías da información e da comunicación no centro e na aula coa participación activa de todo o equipo docente, que unha vez aprobado, se incorporará á programación xeral anual de centro, e a súa avaliación, á súa memoria. Cada proxecto será único atendendo ás características e ás posibilidades que se poden acadar tendo en conta o tipo de alumnado, a formación do profesorado e as infraestruturas dispoñibles.

Deseñaranse unhas pautas xerais para realizar un seguimento e avaliación do plan, polo menos trimestral, pola persoa coordinadora de ciclo e pola persoa coordinadora do plan, que determinarán, se é o caso, aspectos de mellora.

Como ven sendo habitual na elaboración do plan, imos presentar as liñas mestras de actuación tendo en conta o camiño percorrido no campo das novas tecnoloxías nos cursos anteriores.

OBXECTIVOS

- Fomentar a páxina web do centro (<http://www.ceipmestrevalverdemayo.es>) como espazo de comunicación e de colaboración con toda a comunidade educativa.
- Coordinar a acción do profesorado en relación ao traballo coas TIC.
- Facilitar o acceso a esta ferramenta por parte do alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes.
- Fomentar o uso da Aula virtual do centro.
- Fornecer ao alumnado estratexias para obter e xestionar a información conseguida mediante o uso das TIC.
- Utilizar programas e contornos que faciliten a consecución dos obxectivos propostos nas diferentes áreas do currículo.
- Utilizar o ordenador como medio de creación, de integración, de cooperación e de expresión das propias ideas.
- Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente aproveitando as distintas posibilidades que ofrecen as TIC.
- Fomentar no profesorado o uso das TIC no traballo diario e nas actividades de aula: programacións, proxectos, explicacións.
- Fomentar de igual xeito o uso das TIC para a procura de información non só profesional senón tamén de experiencias que poidan servir na práctica docente a todo o profesorado de áreas e materias.
- Favorecer o intercambio de experiencias propias ou alleas a través de Internet.

- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado e a motivación e o seu afán de coñecemento mediante o acceso as distintas ferramentas TIC.
- Fomentar o uso das TIC na ANPA do centro, favorecendo o aproveitamento das infraestruturas do colexio para a aprendizaxe de coñecementos mínimos para un uso básico das TIC en relación ós seus fillos.
- Favorecer a superación das limitacións de acceso ás TIC motivadas pola situación social.

PLANS DE ACTUACIÓN

Nos distintos plans que se citan, segundo o explicado no apartado primeiro, inclúen propostas nalgúns casos específicas e concretas para o grupo o que está dirixido e noutros casos pode suceder que implique a varios grupos ao mesmo tempo. A intención ó realizar esta concreción e favorecer a súa aplicación dun xeito máis efectivo. Así mesmo haberá un apartado de temporalización para facer un seguemento máis exhaustivo do plan.

- ACTUACIÓN CON RESPECTO Ó CENTRO

PROPOSTA	
<p>Establecer un horario de uso das TIC para o alumnado de 6º de E.I. a 4º de Primaria dunha sesión semanal. Proponse que atendendo ás características específicas deste alumnado e número de matriculados por nivel, divídase en dous grupos as aulas que por número de alumnado así o precisen.</p>	
DESENVOLVEMENTO	
<p>A sesión será impartida en EI pola mestra de apoio a EI, pola especialista de música en 1º e 2º de EP, e polas persoas titoras en 3º e 4º. A xefatura deberá incluír no horario de uso de instalacións comúns do centro as sesión dedicadas ao uso das TIC quedando o resto de sesión par utilización do profesorado segundo as súas necesidades. Os grupos de 1º e 2º acudirán desdoblados e 4º realizará a sesión na aula empregando un carro con dispoñibilidade.</p>	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
<p>Xefatura de estudos Mestra de apoio EI Mestras TIC</p>	<p>A partires de outubro.</p>

PROPOSTA	
Establecer reunión periódicas (trimestrais) entre os Mestres/as que impartan as sesións semanais de uso das TIC e a coordinadora TIC.	
DESENVOLVEMENTO	
<p>Independentemente da súa pertenza ou non ao Equipo TIC do centro todos os mestres/as que vaian impartir a sesión semanal na aula TIC, segundo a proposta do Equipo Directivo, manterán periodicamente una xuntanza convocada pola Coordinadora TIC:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Unha ao inicio do curso para elaborar un proxecto común de contidos e actividades a desenvolver nesas sesións semanais, tentando establecer unha coherencia e verticalidade no proxecto a realizar. - Posteriormente realizaranse reunións de seguimento de xeito trimestral que se recollerán no calendario de traballo mensual por parte da Xefatura de Estudos. A finalidade de ditas reunións é favorecer o seguimento do plan de actuación e facer, se cabe, as correccións necesarias. <p>A coordinadora TIC elaborará unha orde do día, coa antelación suficiente, na que se recollerán os temas a tratar para que os integrantes do equipo poidan preparar a xuntando e levantará acta do tratado en cada reunión.</p>	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Xefatura de estudos Coordinadora TIC Mestra de apoio EI Mestras TIC	Inicio de curso escolar e trimestralmente.

PROPOSTA	
Mantemento da páxina web.	
DESENVOLVEMENTO	
<p>O mantemento da web do centro correrá a cargo do equipo formado para administrar a mesma. E cada titor será o encargado de actualizar a súa aula: un mínimo de 3 traballos por trimestre (pode ser vídeo, collage de fotos...) e procurar subilos o máis preto posible da data de realización da actividade.</p>	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Coordinador TIC	Curso escolar.

PROPOSTA	
Retomar o Plan Dixital de Centro.	
DESENVOLVEMENTO	
Retomárase o Plan Dixital de centro por parte do equipo TIC a través da aplicación “educacalidade” plantexando novas propostas recollidas no presente plan.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo TIC	Curso escolar.

PROPOSTA	
Entrega dun pen drive coas fotos de toda a etapa de EP/EI ao rematar 6º de EP/EI.	
DESENVOLVEMENTO	
Plantexábase a opción de suprimir o pen drive pero a queixa por parte das familias de que as imaxes ou vídeos que se descargan da web teñen moi baixa definición lévanos a tomar a decisión de continuar coa entrega do pen drive de fin de etapa pero ao rematar cada curso escolar cada persoa titora deberá deixar as fotografías seleccionadas e preparadas para facilitar o traballo do/a titor/a de 6º de EI/EP (ter en conta as indicacións no presente plan sobre número de fotos e condicións das mesmas).	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Titoras de EP e EI.	Curso escolar.

PROPOSTA	
Actualización da na nosa páxina web dos distintos espazos do centro.	
DESENVOLVEMENTO	
Cada inicio de curso e preciso actualizar a web coa nova información de claustro, horarios de orientación... ademáis, os responsables de espazos web coma EDLG ou Valores deberán facer unha actualización das súas sección antes do 15 de outubro. Mensualmente actualizarase o comedor para que figure o menú do mes correspondente.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Coordinadora TIC Coordinadora EDLG Coordinadora Equipo Valores	Inicio de curso.

- ACTUACIÓN CON RESPECTO Ó PROFESORADO

PROPOSTA	
Elaborar actividades para a atención do alumnado con NEE que estará a disposición de todo o profesorado nunha carpeta dentro do servidor do centro.	
DESENVOLVEMENTO	
Dende o equipo de Orientación elaborárase unha carpeta de Recursos dentro do servidor do centro que estará a disposición de todo o profesorado, onde incluíranse recursos para cada área e curso.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo de orientación	Curso escolar.

PROPOSTA	
Mantemento e limpeza de equipos, canóns de proxección, pantallas...	
DESENVOLVEMENTO	
Dado o número de equipos informáticos e diversos materiais informáticos existentes no centro, será responsabilidade do profesor-titor manter os equipos e canóns limpos e en bo estado. Deberán quedar todos apagados ao rematar a xornada. Os titores deberán actualizar os equipos. Para os canóns de proxección o equipo TIC será o encargado de realizar unha limpeza trimestral dos canóns de proxección para evitar a acumulación de po nos filtros. En caso de salto de alarma dos canóns por problemas de ventilación ou quecemento da lámpada, sete será desconectado inmediatamente e se informará a coordinadora Tic ou a calquera outro membro do equipo.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo TIC Titoras	Curso escolar.

PROPOSTA	
Colaborar responsablemente coa persoa encargada do almacenamento de imaxes e vídeos.	
DESENVOLVEMENTO	
A pesar de que non se entregue en soporte dixital ao rematar a etapa de EP as imaxes e vídeos, será preciso gardar algunhas para a realización da presentación mencionada.	

As imaxes/vídeos gardaranse por trimestres no servidor na carpeta creada para cada curso no cartafol “fotos 2023-2024” baixo as seguintes pautas: entre 10 ou 20 fotos por actividade e priorizar imaxes en gran ou pequeno grupo en lugar de imaxes individuais.

A coordinadora TIC revisará trimestralmente en colaboración coa Xefatura de Estudos para comprobar se existen documentos gráficos das saídas.

En caso contrario porase en contacto cos distintos mestres e mestras para que aporten os medios gráficos ou videográficos realizados.

Deberán estar todas as fotos como data límite o 29 de xuño, para poder facer a copia no disco duro externo o 30 de xuño.

RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Coordinadora TIC	Curso escolar.

PROPOSTA	
Creación dun decálogo de uso responsable das TIC por parte do profesorado na aula.	
DESENVOLVEMENTO	
<p>Créase un decálogo cunhas normas básicas para o uso das TIC na aula. Recollerase nun cartel que se repartirá a cada titor e recollerá as seguintes normas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Empregaranse sempre baixo a supervisión da persoa titora, especialmente en EI. 2. Farase un uso programado das mesmas, non improvisado nin de entretemento. 3. Revisarase previamente calquera contido/recurso/aplicación/canión(en consoancia cos valores que rixen o centro)... a empregar na aula. 4. O relevante debe ser o educativo e non o tecnolóxico. 5. Establecerase un equilibrio entre actividades dixitais e manipulativas. 6. Se hai que personalizar perfís, coma por exemplo unha foto en EVA, nunca se usarán imaxes reais dos/as nenos/as. 7. Empregaranse como ferramentas de apoio a outras áreas/materias. 8. Os vídeos de Youtube presentaranse preferiblemente a través de Aqueiro para evitar a publicidade. 9. A duración dos vídeos de aula que se suban á web deberán ser como máximo de 1:30. 10. Enfazarase a limpeza de ordenadores e paneis tanto no relativo a hardware coma software. 	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo TIC.	Curso escolar.

Mestras titoras.	
------------------	--

PROPOSTA	
Renovar dixitalmente a Gale e Gala.	
DESENVOLVEMENTO	
Coordinar co EDLG a dixitalización de Gale e Gala empregando Pixton (creándoo coa conta do colexio).	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo TIC Dirección EDLG	Primeiro trimestre.

PROPOSTA	
Uso dos taboleiros dixitais interactivos.	
DESENVOLVEMENTO	
No presente curso implántase o emprego dos taboleiros dixitais interactivos nas aulas de EI e nas de 1º e 3º de EP. Iso implicará a supresión dos postos de ordenador de mesa nas debanditas aula e ter en conta o decálogo elaborado para ter en conta a partires do presente curso. Valórase a opción de realizar un PFPP sobre o emprego educativo dos taboleiros para optimizar o seu emprego. Valórase a posibilidade de poñer pantallas de PC nesas aulas para conectar aos paneis.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Todo o claustro	Curso escolar.

PROPOSTA	
Incrementar o número de postos informáticos no centro para traballo persoal nas zonas comúns (sala de mestres, cuarto de material, aula de informática...) e habilitar ordenadores na biblioteca, que deixaron de usarse polas restricións do COVID.	
DESENVOLVEMENTO	
Dada a alta demanda de emprego de ordenadores nas gardas e os martes pola tarde proponse reubicar os ordenadores que se retiren das aula con panel dixital interactivo es espazos coma a sala de mestres, cuarto de material, aula de informática e biblioteca.	

RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo TIC	Curso escolar.

PROPOSTA	
Continuar empregando Aqueiro como ferramenta para gardar recursos e documentación do centro, combinándoo con QuickConnect para substituír o antigo servidor.	
DESENVOLVEMENTO	
Empregar Aqueiro e Quickconnect para gardar a información. QuickConnect permitirá subir arquivos a un servidor común para todo o centro sen ter que empregar os ordenadores do colexio, xa que se pode acceder dende calquera ordenador cun usuario e contrasinal.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Todo o claustro.	Curso escolar.

- ACTUACIÓN CON RESPECTO Ó ALUMANDO

A proposta de actuación con respecto ó alumnado tentarase que sexa o máis individualizado posible. Este plan esta dirixido ao alumnado de 6º de EI e de 1º a 4º de EP . Xa que 5º e 6º pertencen ó plan Edixgal.

Cabe destacar que dende os primeiros cursos de Infantil traballárase tamén a aproximación as TIC xa que as titoras así o teñen estipulado na súa programación os contidos que traballaran en 4º de educación infantil serán os seguintes:

- Recoñecemento dos elementos básicos do taboleiro dixital.
- Identificación do escritorio e dos elementos que o compoñen: iconas dos xogos básicos a utilizar. Uso do dedo para mover o punteiro pola pantalla con precisión. Dobre clic sobre obxectos estáticos co dedo. Arrastre de obxectos co dedo pola pantalla.

Estes contidos ampliaranse brevemente no seguinte curso 5º de educación infantil:

- Recoñecemento dos elementos básicos do taboleiro.
- Identificación do escritorio e dos elementos que o compoñen: iconas dos xogos básicos a utilizar.
- Introducción ao uso do teclado con plantillas.

O seguinte curso, 6º de educación infantil xa esta incluído no Plan Tic do centro, o traballo a realizar será dunha sesión semanal na aula de TIC e os contidos serán impartidos en EI pola mestra de Apoio e en 1º e 2º de EP pola especialista de música e en 3º e 4º polas mestras titoras. Esta asistencia é totalmente independente da que realicen os titores ou mestres de área como complemento o seu traballo na consecución da competencia dixital.

O traballo a realizar estará coordinado pola Coordinadora TIC e os mestres que impartan TIC e promoverá o uso das tecnoloxías da información e da comunicación coa intención de conseguir unha aprendizaxe dixital que lle permita ao alumnado elaborar e recibir información, desenvolvendo un espírito crítico antes elas.

A liña xeral de traballo versará pois sobre o uso da aula virtual e a nosa web como fonte de información, traballo con buscadores e actividades on line, ben elaboradas polo centro e almacenadas na nosa web ou existentes nas diversas web educativas, uso e manexo de programas ofimáticos para a elaboración de contidos e software de retoque fotográfico para a elaboración de imaxes.

No presente curso e coordinado pola responsable TIC do centro, o alumando de 4º de EP impartirá a sesión de TIC na aula xa que contará dentro da mesa cun carro con ordenadores coa finalidade de aproximar ao alumnado ao plan E-Dixgal que está implantado en 5º e 6º de EP.

Os contidos a traballar serán de xeito orientativo:

CONTIDOS	EI			EP			
	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º
Prender e apagar o PC	X	X	X	X	X	X	X
Uso da Aula Virtual				X	X	X	X

Uso e manexo do rato			X	X	X	X	X
O escritorio				X	X	X	X
Iconas e accesos director				X	X	X	X
Crear cartafoles e subcartafoles						X	X
Gardar arquivos						X	X
Navegadores de internet: Mozilla e Google Chrome				X	X	X	X
Profesor Despistatus e Dedicatorias Radio Escolar				X	X	X	X
Open Office: WRITTER I e II						X	X
Traballar con editores de imaxe							X
Procura de información na rede: tradutores, buscadores, blogues...				X	X	X	X
Uso do panel dixital	X	X	X	X	X	X	X

Non están incluídos os contidos que determinen no seu intre os titores/as segundo as necesidades de cada nivel.

Aplicacións a empregar co alumnado: s posibles aplicacións e programas a traballar son os que se citan a continuación.

APLICACIÓNS E PROGAMAS	EI	EP			
	6º	1º	2º	3º	4º
Aula Virtual		X	X	X	X
Navegadores: Mozilla e Google Chrome		X	X	X	X
Buscadores: Google		X	X	X	X
TUX PAINT		X	X	X	X
TUX TYPING		X	X		
WRITTER Nivel I				X	
WRITTER Nivel II				X	X
Tradutores online					X
Aplicacións web do centro	X	X	X	X	X
Actividades web online	X	X	X	X	X
Mecanografía			X	X	X
Web do colexio: profe Despistatus, dedicatorias radio, recomendacións literarias...		X	X	X	X

PROPOSTA	
Creación dun recuncho TIC para EI	
DESENVOLVEMENTO	
Proponse crear un recuncho TIC portátil para as aulas de EI, segundo o envío de material de polos creativos ditado pola CEOU, cuxa finalidade é fomentar a competencia dixital dende a aula cun uso mínimo dunha vez ao mes.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo TIC Equipo Directivo Titoras EI	A partires do 2º trimestre.

PROPOSTA	
Adequar as propostas do Profesor Despistatus as celebracións que se fagan no centro.	
DESENVOLVEMENTO	
A periodicidade das publicacións de actividades do Profesor Despistatus axustarase as celebracións que se fagan a nivel de centro e procuraran coordinarse cos diferentes equipos do centro: EDLG, convivencia, equipo de Biblioteca... Participará todo o alumando de EP e aproveitarase de 1º a 4º como contido para traballar na hora de informática.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Todos os equipos do centro educativo	Curso escolar.

PROPOSTA	
Emprego da Aula Virtual na etapa de EP de xeito puntual para favorecer a aprendizaxe de uso da mesma.	
DESENVOLVEMENTO	
Cada persoa titora ou especialistas crearán na Aula Virtual cursos para a proposta de actividades a través da mesma (por materias, una carpeta de titoría...). A finalidade de dito uso será favorecer que o alumnado aprenda a empregar a Aula Virtual de xeito o máis autónomo posible.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Titoras de EP e especialistas.	Curso escolar.

- ACTUACIONES CON RESPECTO ÁS FAMILIAS

Somos conscientes de que este traballo coas novas tecnoloxías debe ter unha continuidade máis aló do horario lectivo. A través das enquisas realizadas existe unha porcentaxe moi elevada de alumnado que conta con PC no seu fogar e practicamente a maioría ten acceso a internet. Cremos pois necesario que as familias sexan partícipes do noso Plan TIC, coñecendo en primeiro lugar o noso traballo, participando del e mesmo aprendendo da experiencia no uso das novas tecnoloxías. A situación actual provocada pola pandemia que sufrimos obríganos a facer fincapé no manexo dos medios telemáticos.

PROPOSTA	
Fomentar o uso dos espazos por parte das familias.	
DESENVOLVEMENTO	
Informar ás familias dos distintos espazos da nosa web e xeitos de aproveitamento dos mesmos. Esta información será facilitada polos titores/a na reunión que realicen coas familias ao inicio de curso do Equipo.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Titoras	Inicio de curso escolar.

PROPOSTA	
Continuar coas charlas “Navega con rumbo”	
DESENVOLVEMENTO	
Continuar coas charlas para as familias sobre aspectos de novas tecnoloxías, dirixidas principalmente para os derradeiros cursos de EP.	
RESPONSABLES	TEMPORALIZACIÓN
Equipo TIC Dirección	Curso escolar.

INVESTIMENTOS A REALIZAR

Os investimentos e propostas de mellora a realizar no curso serían:

- Repoñer material que se estropee ou quede obsoleto.
- Material papelería. Pegatinas, cartolinas, cartuchos tinta e demais material para realizar os distintos traballos previstos. No caso de propostas dos equipos do centro ou traballos de nivel, estes aportarán o material necesario dos seus fondos específicos.
- Monitores para as aulas con paneis dixitais interactivos.

O custe aproximado dos investimentos sería o seguinte:

Empresa mantemento	€
Consumibles	€
Arranxos e varios	€
Total investimentos	€

Indicar que este presuposto é orientativo e non se inclúen os antivirus de administración, que correrán a cargo do presuposto do centro.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

A vixencia do presente plan é do curso académico actual, se ben algunhas das propostas aquí recollidas xa se iniciaron en cursos pasados, ou se iniciarán neste e terán continuidade nos seguintes.

En calquera caso e coa intención de ir valorando a execución do plan e as posibles correccións ou melloras a realizar, e como xa quedou reflectido nos obxectivos do presente plan, propónse como mínimo a convocatoria dunha reunión trimestral do Equipo TIC. En cada reunión os responsables das actividades recollidas neste plan deberán presentar un informe sobre o realizado e unha valoración do feito ata ese intre. Posteriormente as conclusións formarán parte da memoria final de curso para que todo o profesorado teña un coñecemento do realizado e servirá de base para o seguinte plan anual.

Dinamizadora TIC

Setembro 2023

Antía Casal Sanromán

